

**Traballo exposto o luns 4 de maio de 2009 no IES Sánchez Cantón. Clase de Lingua e Literatura Galega do século XX.**  
**Autores: Jacobo Correderas, Natalia López, Amalia Bouzas, Érika Gulías**

**Tema 5: mercantilismo coa morte**

**Textos:** *poemas de Méndez Ferrín e Luís Pimentel*

-**Material** utilizado: ordenador portátil, canón de vídeo, traballo escrito

-**Tempo:** 25 minutos

-**Descrición:** foron explicando o tema sobre os tre **pps, e coa canción de fondo**. A continuación leron o texto sobre o mercantilismo. Só expuxeron o tema da morte. A parte literaria non se conseguiu ver por problemas do tipo de arquivo.

O ano 2003 foi considerado un "bo ano" para os tanatorios xa que tiveron un elevado número de usuarios, é dicir, houbo un gran número de defuncións. Vendo as cousas desde este punto de vista dámonos de conta de que o tanatorio non é só un servizo, senón que tamén é unha empresa que obtén beneficios económicos.

A morte dunha persoa trae consecuencias que afectan tanto no ámbito social como no económico ou xurídico.

Detrás da morte, os choros, o pranto, a tristura... a compaixón esconde un negocio que cada vez cobra máis protagonismo.

En cuestión de amasar cartos cos defuntos o país especialista é EE.UU, nesta país as familias deixan cada ano o redor de once mil millóns de dólares en gastos funerarios, entre o embalsamento, o ataúde, as florcerías, os cosméticos, servizos de automóbiles, cemiterio, os seguros funerarios e os manufactures de tumbas..., en promedio gástanse 6.500 dólares en Norteamérica ben contar o espazo no cemiterio.

En Xapón isto mesmo conséguese por 40.000 dólares polo cal o 98% da xente alí crémase, en comparación ao 32% de EU.

Tanto a cremación como o enterro son solucións pouco ecolóxicas, a primeira contribúe ao quecemento global mentres que a segunda contamina a moitos acuíferos subterráneos.

Aquí en Galicia, por exemplo, o negocio funerario saca bo partido xa que esta comunidade rolda a 29.000 defuncións tódolos anos. Dende 1996, que morreron 28.897 persoas entre as catro provincias. O ano máis negro foi o 2003 con 29.805 falecidos. Tendo en conta que hoxe en día un funeral modesto custa o dobre que fai unha década, o que se pode chegar a gastar unha familia alcanza case os 3.000 euros dependendo da comunidade na que se vai realizar o enterro.

Hai dez anos, podía custar che sobre 1.040 euros; agora, un funeral modesto supera os 1.900 euros, Madrid é a comunidade onde máis caro sae.

Pero estes prezos non inclúen a concesión temporal dun nicho, e son os presupostados para os servizos máis básicos: o féretro máis barato, acondicionamento sanitario do cadáver, traslado en coche fúnebre dentro da mesma localidade, servizo relixioso, unha coroa de flores sinxela, unha esquela, gastos de xestión...

O encarecemento do custo medio dos funerais nestes 10 últimos anos case triplicou a subida do IPC (un 36%), aínda que o aumento máis forte produciuse entre 1998 e 2003, cando ascendeu a 580 euros, mais do dobre que no último quinquenio, cando subiu 528 euros.

Case as dúas terceiras partes do custo do funeral corresponden a tres elementos: o féretro (33%), o tanatorio (17%) e as esquelas do periódico (14%).

O prezo medio do ataúde máis barato sitúase hoxe nos 660 euros, un 61% mais caro ca fai 10 anos. O tanatorio supón a desembolso medio de 325 euros e o prezo da esquela ascende de media a 277 euros.

O custo medio por funeral na Coruña é de 2.001 euros, o máximo é de 2469 euros, e o mínimo é de 1.590 euros a diferenza de Madrid, comunidade na que o custo medio é de 2.566 euros, o máximo de 3.040 e o mínimo de 1264 euros.

A difícil situación económica leva ás familias a destinar menos recursos a gastos funerarios; as persoas están optando pola cremación, para aforrarse os custos do enterro, a xente está economizando nos funerais co recorte dalgúns elementos como lemosinas, ronseis, embalsamamentos... O número de cremacións incrementouse considerablemente en funerarias de EE.UU., mentres que os funerais "mantéñense iguais".

Segundo o Departamento Nacional de Estatísticas de Vida (en EU), 34% dos falecidos en 2006 foron cremados. As tendencias actuais fixeron que a Asociación de Cremación proxecte que ese número chegue ao 40% en 2010 e case o 60% para 2025.

A débil economía é tan só un dos poucos factores que fixeron que as cremacións se coticen máis e os enterros menos. Contribúe tamén que as familias agora móvense máis e non botan raíces no lugar no que o ser querido quedarase enterrado.